

**PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)**  
**XUÑO/XULLO 2021- 2022**  
*CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TIPO DE CUESTIÓN*

**INGLÉS 11**

**QUESTIONS 1 AND 3**

**Summary (0,75 puntos)**

Esta pregunta será puntuada segundo os seguintes criterios:

1. O alumno identificou as ideas principais do texto e resumiunas sen incluír información secundaria ou anecdótica.(0.50)
2. O alumno expresou estas ideas en aproximadamente 50 palabras, sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema. (0.25)

**Comprehension questions. True/False (1 punto; 0,25 x 4)**

O alumno debe indicar se as frases son verdadeiras ou falsas e escribir a parte (e só esa parte) do texto, na que se basea para xustificar a súa resposta.

**Find words or phrases ... (0,75 punto; 0.25 por cada palabra/ expresión correcta)**

**QUESTIONS 2 AND 4**

**Pronunciation (0.90 puntos; 0,15 x 6)**

O alumno debe demostrar que sabe distinguir elementos básicos da pronuncia do inglés, como son consonantes, vocais, diptongos, terminacións, etc.

**Transformations (1,6 puntos; 0,4 x4)**

Transformación dunha parte ou o total dunha frase noutras palabras para que signifique o mesmo. Constará de catro partes, cunha puntuación de 0,4 puntos para cada parte.

**QUESTIONS 5 AND 6**

**Writing (2,5 puntos)**

Esta pregunta pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. A nota final (máximo 2,5 puntos) outorgarase segundo a medida na que o alumnado cumpra os seguintes parámetros:

- a) Alcance.** O alumnado aborda adecuadamente o tema proposto. Sabe comunicar as ideas que quere transmitir utilizando unha considerable variedade de recursos. Sabe utilizar o rexistro lingüístico adecuado á situación. (0,5 puntos)
- b) Riqueza e control do vocabulario.**(0,4 puntos)
- c) Corrección gramatical.** O alumnado ten un repertorio básico de elementos lingüísticos e de estratexias que lle permiten abordar o tema con comodidade. Non comete erros gramaticais básicos, como, por exemplo, omitir o suxeito diante dun verbo, omitir a “-s” da 3ª persoa do singular do presente habitual (he writes**S**), utilizar adxectivos en plural, usar incorrectamente os adxectivos posesivos e demostrativos, non dominar os tempos verbais e outros erros similares. (0,4 puntos)
- d) Fluidez.** O alumnado posúe un dominio da lingua inglesa adecuado e suficiente para evitar cortes na comunicación ou malentendidos.(0,4 puntos)
- e) Cohesión.** O alumnado utiliza adecuadamente os conectores e demais medios de cohesión. (0,4 puntos)
- f) Coherencia.** O alumnado é capaz de organizar as súas ideas para redactar un texto coherente e ben estruturado. (0,4 puntos)

No caso de que o tema da composición non se axuste ao tema esixido nestas dúas preguntas (5 e 6), a cualificación será de 0 puntos.

**TOTAL (REALIZANDO 4 DAS 6 PREGUNTAS DO EXAME): 10 puntos.**